RESUMO DE CONTIDOS

Índice

Introducción....2
1. Causas....2
1.1. Crise agraria....2
1.2. Crise demográfica....3
1.3. O poder tamén en crise....4
1.4. Estoupidos de violencia....5
2. As consecuencias: a crise produce cambios....6
2.1. Menos poboación, menos man de obra....6
2.2. Os ollos apártanse do ceo....6
2.3. Inestabilidade social e económica....7
2.4. Guerras Irmandiñas....8

cREAgal

Introdución

Ao longo da historia a unha etapa de crecemento e auxe séguelle outra de declive e cambio. Lembra a fin do imperio exipcio, do imperio romano.... O mesmo sucede na Idade Media. Acabas de ver como a Plena Idade Media é un período de expansión económica, urbana e demográfica en Europa... ata que no século XIV as tornas cambian e inicíase unha época de forte crise que vai modificar o mundo. Os dous séculos finais da Idade Media chamámoslles Baixa Idade Media. Neste REA aprenderás en que consistiu a crise e que cambios trouxo a Europa.

Lembra que chamamos Baixa Idade Media ao período final da mesma, e que comprende os séculos XIV e XV. Durante este 200 anos a crise afectou a practicamente todos os aspectos da vida. Podemos dicir que os protagonistas destes anos foron a fame, as enfermidades e os conflitos. E como todas as crises, esta terminou creando un mundo distinto que nos deixa ás portas da Idade Moderna.

1. Causas

En realidade falar da crise do século XIV é simplificar. Sería máis oportuno falar de crises, en plural, porque se manifestaron en moitos aspectos.

1.1. Crise agraria

Durante o século XIV tiveron lugar en Europa diferentes ciclos de malas colleitas provocados pola acción combinada de varios factores:

Limbourg brothers. Collection Condé Museum. Les Très Riches Heures du duc de Berry février (CC0)

- Condicións meteorolóxicas adversas: no século XIV iniciouse a coñecida como Pequena Idade de Xeo que trouxo consigo anos de moitas precipitacións e frío intenso que reducían as colleitas. Documentos da época falan de “colleitas podres”.
- Tras séculos de expansión das terras cultivadas para alimentar á crecente poboación, chegouse ao límite das cavaduras.
- Polo mesmo motivo, esgotamento das terras tras longos anos de explotación cunha fertilización moi escasa.
- Limitado desenvolvemento técnico.
- Substitución de cultivos: diferentes plantas téxtiles de gran demanda e elevado prezo, como o liño, foron desprazando cultivos destinados á produción de alimentos xa que eran menos rendibles.

Todos estes condicionantes negativos xeraron un gran descenso das producións agrarias, un importante incremento do prezo dos produtos agrícolas e polo tanto graves problemas de abastecemento e episodios de fame. Por exemplo, en 1315-17 tivo lugar en Europa a chamada Gran Fame.

1.2. Crise demográfica

A fame e a desnutrición xa fixeron aumentar a mortalidade a comezos do século XIV, e a poboación descendeu. Pero o peor estaba por chegar.

Entre 1347 e 1351 unha terrible epidemia denominada *peste negra* asolou Europa. Nalgunhas cidades e pobos morreu máis do 80 % da poboación. Non se lembraba algo igual. Uns pensaron que os xudeus foran os causantes, outros creron que a enfermidade era un castigo de Deus polos pecados dos homes. Pero non, a culpable resultou ser unha bacteria que chegou a Italia dende Crimea a bordo de barcos xenoveses. En ditos barcos non só viaxaban mariñeiros e mercadorías senón tamén ratas infectadas. Chegadas as embarcacións a portos italianos a peste foi rapidamente contaxiada ás persoas mediante a picadura das pulgas que previamente se contaxiaran a través do sangue das ratas.

Nun curto período de tempo a peste, altamente contaxiosa e especialmente agresiva nas cidades, estendeuse por boa parte de Europa e matou a uns 25 millóns de persoas, polo menos a cuarta parte da poboación europea.

I. Columbina, ad vivum delineavit. Paulus Fürst Excud. Paul Fürst, Der Doctor Schnabel von Rom (CC0)

A peste negra foi provocada pola bacteria *Yersinia pestis*. Coñecíase deste xeito porque a pel e as chagas dos enfermos podíase poñer desa cor. Houbo tres tipos de peste: a bubónica, a pnuemónica e a septicémica. A primeira era a máis común e provocaba unha grave inflamación dos ganglios linfáticos (bubóns). A segunda afectaba aos pulmóns e a terceira causaba unha infección do sangue.

1.3. O poder tamén en crise

A crise iniciada en Europa alcanzou a dous grandes poderes: a Igrexa e as monarquías.

En 1378, tras a morte do papa Gregorio XI, a Igrexa atopouse con dous papas que reclamaban a lexitimidade para dirixir toda a cristiandade. Esta división é coñecida como o Cisma de Occidente. Durou 40 anos durante os cales existiron dúas sedes papais unha en Avignon (Francia), outra en Roma. Mesmo nalgún momento chegou a haber tres, con outra sede en Pisa (Italia). Os diferentes países europeos manifestaron o seu apoio a un ou outro papa en función dos seus intereses económicos e políticos. A división mantívose ata que en 1418, no Concilio de Constanza, Martiño V, co apoio de todos os grupos, é escollido como papa e logra restaurar a unidade relixiosa. O cisma creou confusión entre a poboación, e desde logo non axudaba a que a xente confiase na Igrexa.

En canto ás monarquías, varias guerras importantes sucedéronse na Baixa Idade Media. Por orde cronolóxica, imos coñecer algunhas delas.

A Guerra dos Cen Anos tivo lugar entre os reis de Francia e de Inglaterra, porque este último, que era membro da alta nobreza de Francia e estaba emparentado coa familia real francesa, reclamou o trono deste país. Dado que os franceses rexeitaron que un monarca inglés se convertera no seu rei iniciouse un conflito bélico que durará 116 anos, dende o 1337 ata o 1453 (houbo períodos de paz polo medio). Aínda que a guerra comezou enfrontando a Inglaterra e Francia por unha cuestión sucesoria, acabou converténdose nunha guerra continental que concluiría coa vitoria do rei francés Carlos VII.

Collection Bibliothèque nationale de France . *Siege orleans* (*CC0*)

Neste conflito foi moi relevante o papel de Xoana de Arco. Era unha moza campesiña que afirmaba ter recibido unha mensaxe de Deus animándoa a participar na guerra. Despois de diversas vicisitudes Xoana conseguiu poñerse á fronte das tropas francesas e acadar importantes vitorias. Pasado o tempo foi feita prisioneira polos borgoñóns, aliados de Inglaterra, e entregada aos ingleses. Tras ser sometida a un xuízo acusada de bruxería e de herexía por vestir con roupas de home, foi queimada na cidade de Ruán o ano 1431. A súa figura foi recuperada no século XX e despois de ser canonizada, foi nomeada patroa de Francia en 1920.

En Castela tivo lugar unha guerra civil (1351-1369) entre dous aspirantes ao trono, ambos da familia Trastámara. Gañou Enrique II, tras matar ao seu irmán, Pedro I o Cruel.

En Inglaterra a Guerra das Dúas Rosas (1455-1487) enfrontou a dúas familias, os Lancaster e os York. Os Lancaster conseguiron a vitoria, e instaurouse a dinastía Tudor.

E novamente Castela volve vivir unha guerra civil (1475-1479) entre Xoana, filla do rei Enrique IV, e a súa tía Isabel, irmá de Enrique. Esta última consegue a vitoria e subir ao trono como Isabel I.

1.4. Estoupidos de violencia

Nun mundo en que se descoñecía a existencia de bacterias e como se contaxian as enfermidades, moita xente botoulle a culpa da peste a grupos minoritarios de poboación, facilmente identificables como "diferentes". O principal foi a minoría xudía. Tras séculos de convivencia en xeral pacífica, en moitas cidades estouparon episodios de violencia contra os xudeus, chamados pogroms (a palabra rusa pogrom significa "revolta violenta", pero adoita usarse para a persecución dos xudeus). Nos pogroms moitos xudeus foron asasinados e as súas sinagogas, casas e propiedades saqueadas, incendiadas e destruídas.

Michel Wolgemut, Wilhelm Pleydenwurff. Burning Jews (CC0)

Na Baixa Idade Media, tralo impacto da peste, tiveron lugar numerosas e violentas revoltas populares, tanto no campo como na cidade. Entre outras, as súas causas foron:

- Crise económica: a redución de colleitas, o desabastecemento, o aumento dos prezos dificultaban a vida dos sectores máis pobres da sociedade.
- O descontento ante a situación xeral de crise.
- Desigualdades sociais: mentres a maioría da poboación era pobre, a nobreza e o clero mantiñan a súa riqueza e os seus privilexios.
- Impostos elevados: a caída da produción agraria e as frecuentes guerras levaron aos reis e os nobres a aumentaren os impostos, o que prexudicaba enormemente ás clases populares.

Se ben existen moitas máis, destacaremos as *Jacqueries* en Francia no ano 1358, os motíns dos *Ciompi* en Florencia en 1378, a rebelión de Wat Tayler en Inglaterra en 1381.

2. As consecuencias: a crise produce cambios

Como viches, a Baixa Idade Media coñeceu múltiples crises, tan intensas que deixaron unha profunda pegada en Europa. Cambiaron non so aspectos económicos ou políticos, senón que a propia sociedade e os seus valores sufriron unha profunda transformación.

2.1. Menos poboación, menos man de obra

A primeira consecuencia da crise foi demográfica: a poboación europea diminuíu de maneira realmente notable tras a epidemia de peste. Non se coñecen os datos con exactitude, non todos os territorios europeos se viron afectados por igual, e hai discrepancias entre historiadores, pero do que non cabe dúbida é do descenso xeneralizado da poboación no continente. Morría tanto xente nova como vella, homes como mulleres. Iso quere dicir que a mediados do século XIV desapareceu unha porcentaxe importante da poboación traballadora europea.

2.2. Os ollos apártanse do ceo

As consecuencias psicolóxicas e culturais de tanta morte e tanta dor foron tamén importantes. A idea de que a morte nos agarda en calquera momento chegou a obsesionar a moita xente, e por exemplo popularizáronse as representacións pictóricas das chamadas “danzas da morte”, esqueletos danzando entre si ou cos vivos. A peste, a fame e as guerras lembraban continuamente a fugacidade da vida, e a xente reaccionou de maneiras moi diferentes:

- unha parte da poboación pensaba que todos os males eran castigos divinos polos pecados do mundo, polo que había que facer penitencia. Expandíronse as ordes mendicantes e apareceron por toda Europa grupos de persoas, flaxelantes, que ía de pobo en pobo azoutándose a si mesmos cun pequeno látego chamado flaxelo. Na maior parte dos casos organizábanse á marxe da igrexa, que estaba perdendo autoridade e influencia.

- outra parte da poboación pensou que os rezos e a obediencia á Igrexa non servían de nada ante as calamidades, porque a xente boa e piadosa morría igual. O cisma de Occidente, co espectáculo de papas enfrontados entre si, terminou de desacreditar a igrexa ante un sector da sociedade.

Michael Wolgemut . Wolgemut - 1493 - tanz der geripp (*CC BY-NC-SA*)

Se te fixas, tanto nun caso como noutro a Igrexa estaba perdendo autoridade sobre a poboación. Isto é moi importante, porque sen este proceso non se entende que décadas despois da peste empece a triunfar en Europa unha corrente de pensamento que pon no centro ao ser humano e non a Deus.

2.3. Inestabilidade social e económica

Como viches no apartado anterior, realidades contrapostas poden coexistir. Tamén sucedeu coas consecuencias socioeconómicas derivadas da epidemia de peste.

Nun primeiro momento, moita xente saíu beneficiada da peste. O descenso demográfico permitiu que os superviventes incrementasen as súas propiedades, porque herdaban as dos familiares mortos, ou simplemente se apropiaban (sobre todo no caso das terras) das dos veciños se ninguén as reclamaba. No campo, moitos campesiños melloraron as condicións que lles impuñan os señores. E nas cidades, como había menos man de obra, os salarios aumentaron, porque escaseaba quen puidese traballar e quen mellor pagase conseguía traballadores.

Porén, morrera tanta xente que a nivel global a produción artesanal e agraria diminuíu. E cando os produtos escasean, o seu prezo elévase. Así que finalmente gran parte da poboación, mesmo se aumentara as súas propiedades ou o seu salario, terminou empobrecida pola suba de prezos.

Por outra banda, os grandes señores, que vivían das rendas que pagaban os campesiños, viron diminuír os seus ingresos polo diminución de poboación. Co tempo, reaccionaron incrementando as cantidades que reclamaban e violentando aos campesiños para que as pagasen. O mesmo fixeron os reis: elevaron os impostos para compensar a caída de ingresos provocada polo descenso demográfico.

Meister der Apokalypsenrose der Sainte Chapelle (Collection Bibliothèque nationale de France). Tax payment to a lord (CC BY-NC-SA)

Así que a medida que transcorrían os anos tras a gran catástrofe da peste tanto a poboación rural como a urbana tiñan que facer fronte ao aumento dos prezos e das rendas señoriais. As condicións de vida empeoraron para moita xente.

O descontento de gran parte da poboación fixo que non so houbese revoltas inmediatamente trala peste, como xa viches, senón que as atopemos tamén ao longo do século XV, pedindo mellores condicións de vida e un alivio da presión á que lle sometían os poderosos.

Estas revoltas, como xa sucedera no século XIV, foron duramente reprimidas polos que exercían o control: os señores feudais no campo e a alta burguesía nas cidade. Ás veces o pobo pedía o amparo dos reis, pero estes aliáronse cos poderosos para manter o seu control sobre a poboación.

Na Península Ibérica o século XV coñeceu varios destes episodios, como a revolta dos Payeses de remensa no Principado de Cataluña entre 1462 e 1472, e a revolta dos Irmandiños en Galicia entre 1467 e 1469.

2.4. Guerras Irmandiñas

En Galicia, territorio da Coroa de Castela, o impacto das epidemias, fames e malas colleitas supuxeron a diminución da poboación e dos ingresos dos señores que intentaron compensalo impoñendo condición abusivas no pago de rendas e noutras prestacións señoriais, mesmo recorrendo á bandidaxe sobre as clases populares, mosteiros, fidalguía...

O descontento ía en aumento e non poucas veces desembocaba en revoltas contra os señores ou protestas ante o Rei. Estes conflitos estouparon no século XV nas chamadas “Guerras Irmandiñas”

A primeira Revolta Irmandiña ocorreu nos anos 30 contra a familia Andrade á que se enfrontaron campesiños das súas terras e tamén habitantes de vilas como Pontedeume e Ferrol.

Os irmandiños arrasaron e saquearon as posesións dos Andrade en protesta polos seus constantes abusos. Este levantamento ocasionou gran número de mortos, foi duramente reprimido polos Andrade axudados por outros nobres e os seus principais líderes foron detidos e executados

Kullman. Pontedeume. Torreón de Andrade (CC0)

A segunda revolta produciuse nos anos 60, nun momento de caos, de guerra civil e baleiro de poder na coroa de Castela que foi aproveitado polos nobres galegos para subir rendas señoriais, o que complicou a xa mala situación económica, e provocou no pobo unha sensación de inxustiza que fixo explotar de novo as revoltas.

As clases populares urbanas, campesiñado e algúns sectores da Igrexa e da baixa nobreza de señoríos e vilas, organizáronse formando "Irmandades", unidas na "Santa Irmandade do Reino de Galicia". Trataron de restaurar a xustiza e a orde legal que existía antes dos abusos ("malos usos") e finalmente levantáronse contra os señores feudais, derrubando as súas fortalezas, unhas 150 en total, que eran asediadas e destruídas polos exércitos irmandiños.

Nun primeiro momento os nobres, atemorizados, fuxiron para poñerse a salvo cara a Castela ou Portugal. Cando a situación política en Castela mellorou, volveron a Galicia formando tres exércitos para enfrontarse cos irmandiños, que foron derrotados en 1469, aínda que nalgúns lugares a resistencia prolongouse durante meses.

Finalizada a revolta, volveuse á situación anterior, e decontado regresaron as protestas das cidades ante os reis. Agás algúns líderes, os irmandiños non foron castigados, pero si obrigados a reconstruír as fortalezas. Porén, moitas seguen aínda hoxe en ruínas, símbolo desta gran revolta.

http://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=User:Lansbricae. Castelo da rocha forte Torreón e muro oeste (CC BY-SA)

Todas as transformacións que acabamos de sinalar crearon as condicións para o xurdimento dun mundo novo, xa nunha etapa que os historiadores chaman Idade Moderna.

"A crise da Baixa Idade Media: cando algo se pode torcer... tórcese", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0